

HENRIQUE ALVARELLOS PRESENTOU O SEU LIBRO *GALICIA EN CEN PRODIXIOS* NA PRAIA DE SILGAR (SANXENXO)



Praia de Silgar (Sanxenxo), 06 de agosto de 2005.
Ao fondo, sentados á mesa, de esquerda a dereita: Xaime Corral, Henrique Alvarellos e Manolo Bragado.
FOTO: Marta Pérez.

O xornalista, escritor e editor Henrique Alvarellos Casas escolleu un dos quioscos da praia de Silgar, en Sanxenxo, para presentar na provincia de Pontevedra o seu libro *Galicia en cen prodixios* (Edicións Xerais, 2004), un volume que o autor mais Xerais están a promocionar por toda Galicia. O acto desenvolveuse ás doce do mediodía do sábado día 6 de agosto, no chiringuito ubicado fronte ao Hotel Marycielo, nunha soleada xornada que convocou, sobre a area máis famosa de Galicia, a numerosos amigos e curiosos.

Á parte do autor, estiveron presentes o libreiro Xaime Corral, propietario da Librería Nós de Sanxenxo e organizador do evento, e Manolo Bragado, director de Edicións Xerais.

PRESENTACIÓN ATÍPICA

Manuel Bragado, quen confesou que esta era a primeira vez que presentaba un libro nunha praia, definiu este volume *Galicia en cen prodixios* como unha 'guía insólita de Galicia, pensada para elevar a nosa autoestima'. O director de Xerais tivo tamén palabras de homenaxe para o fundador de Alvarellos Editora, Enrique Alvarellos Iglesias, e saludou a nova etapa que inicia a editorial, baixo a responsabilidade de Henrique Alvarellos Casas.

O autor, pola súa banda, sinalou que o seu libro “tenta ser un antídoto contra esnobismos, exotismos e querencias varias nas que todos adoitamos caer, que sempre valoramos máis o que está lonxe e ninguneamos o realmente exótico, grandioso e único que é o dun”.

Alvarellos principiou as súas palabras citando a Risco (“Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo...”) en concluíu con Pedrayo (“Só nas beiras atlánticas poden vivir os pequenos pobos, ceibes, quizais precisamente por estar no centro das correntes do mundo”).

UN DOS PRODIXIOS, SANXENXO

Un dos cen capítulos do libro está dedicado ao municipio de Sanxenxo, pois este concello ostenta o récord de España en praias con Bandeira Azul.

Á parte desta excepcionalidade, *Galicia en cen prodixios* recolle aspectos únicos nos que este país sobrancea en toda Europa, tanto dende o punto de vista natural, como monumental, arqueolóxico, urbanístico ou mesmo empresarial.

PRETO DE 500 FOTOGRAFÍAS A TODA COR

Galicia en cen prodixios é un volume editado a toda cor que, ao longo das súas 219 páxinas e preto de cincocentas fotografías, configura toda unha enciclopedia da Galicia secreta e máis excepcional.

[MÁIS INFORMACIÓN EN WWW.ALVARELLOS.INFO]